

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA

RESOLUCIÓN do 12 de setembro de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva relativas ao Plan Renove de Electrodomésticos, se regula a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión e se convocan as ditas axudas.

A sensibilidade especial que para a cidadanía está a ter o uso racional da enerxía incidiu de forma importante no enfoque das administracións públicas, que unanimemente están a actuar neste campo, prestando o seu apoio ás iniciativas que sobre aforro e eficiencia enerxética se están a desenvolver na actualidade.

O Instituto Enerxético de Galicia contén xa na súa lei de creación, Lei 3/1999, do 11 de marzo, unha referencia expresa ao fomento destas actividades, concretada a través do impulso das iniciativas e programas de aplicación das tecnoloxías enerxéticas, á mellora do aforro e a eficiencia enerxética, ao fomento do uso racional da enerxía e, en xeral, á óptima xestión dos recursos enerxéticos nos distintos sectores económicos de Galicia. Igualmente prevé a participación na xestión e prestación de servizos noutros campos sinérxicos ao enerxético, de acordo coas directrices do Goberno no ámbito das súas competencias.

En consonancia con todo isto, o Consello de Ministros, con data do 20 de xullo de 2007, aprobou un Plan de Acción para o período 2008-2012, para o desenvolvemento da Estratexia de aforro e eficiencia enerxética en España 2004-2012 (PAE4+), cumprindo así cos compromisos internacionais na materia.

Para o desenvolvemento dos referidos plans, o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e o Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) deseñaron mecanismos de colaboración con todas as comunidades autónomas que faciliten a articulación das medidas en todo o territorio estatal, tendo en consideración, ademais, as necesidades e obxectivos de cada comunidade en razón ás súas propias peculiaridades e ao seu ámbito competencial. Neste sentido, asinouse entre o IDAE e o Instituto Enerxético de Galicia, con data 3 de xullo de 2008, o convenio de colaboración para a execución das actuacións de aforro e eficiencia enerxética establecidas no marco do plan de acción 2008-2012 da Estratexia de aforro e eficiencia enerxética (PAE4+).

No caso de Galicia, segundo o plan de traballo do PAE4+, 2011, aprobado polo Consello da Xunta o 28 de xullo de 2011, a cantidade asignada para esta actuación cífrase en 1.800.000 euros.

Como un dos órganos encargado de desenvolver a política enerxética da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia, o Instituto Enerxético de Galicia considera de máximo interese potenciar as actuacións de renovación de elementos domésticos que supoñan un aforro enerxético significativo en Galicia

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Esta resolución ten por obxecto establecer as bases reguladoras para a concesión de axudas dirixidas a reducir o consumo de enerxía eléctrica no sector doméstico, a través da substitución de frigoríficos, conxeladores, lavadoras, lavalouzas, fornos e placas de indución e de gas por equipamentos con etiquetaxe enerxética de clase A ou superior segundo o establecido no artigo 3, así como para a selección de entidades colaboradoras que participan na súa xestión.

Así mesmo, por medio desta resolución convócanse as ditas axudas para o ano 2011.

Artigo 2. *Réxime das subvencións.*

1. O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva, de acordo co establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que no seu artigo 19.2 establece que as bases reguladoras das convocatorias de axudas poderán exceptuar do requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos cando, polo obxecto e finalidade da subvención, non sexa necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento ata o esgotamento do crédito orzamentario.

2. As subvencións reguladas nesta resolución totalizan un orzamento de 1.800.000 euros que se distribúe por anualidades do seguinte xeito: 300.000 euros en 2011 e 1.500.000 euros en 2012, tramitándose este último como expediente anticipado de gasto. O total do orzamento destas subvencións, 1.800.000 euros, impútase á conta contable 6565001 e está financiado ao 100% con fondos procedentes do convenio de colaboración suscrito entre o IDAE e o Inega con data do 3 de xullo de 2008, dentro do Plan de Acción 2008-2012 (PAE4+) da Estratexia de aforro e eficiencia enerxética en España.

3. As axudas reguladas nesta resolución, agás aquelas cuxos beneficiarios sexan particulares, entidades e institucións sen ánimo de lucro que non poidan levar a cabo actividades

económicas que repercutan en terceiros, encóntranse sometidas aos requisitos e límites establecidos no Regulamento comunitario número 1998/2006, da Comisión, do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas *de minimis* (DOUE L 379, 28.12.2006), en virtude do cal a contía global de axudas *de minimis* non poderá superar o límite de 200.000 euros nun período de tres exercicios fiscais. Polo que respecta ás axudas ás empresas que operan no sector do transporte por estrada, este límite debería fixarse en 100.000 euros. A axuda total *de minimis* concedida a unha empresa redúcese a 30.000 euros para as empresas do sector pesqueiro, de acordo co establecido no Regulamento (CE) 875/2007, do 24 de xullo (DOUE 25.7.2007) e a 7.500 euros para as empresas dedicadas á produción primaria de produtos agrícolas, de acordo co establecido no Regulamento (CE) 1535/2007, do 20 de decembro (DOUE 21.12.2007). Estes límites aplicaranse independentemente da forma da axuda *de minimis* ou do obxectivo perseguido. O período determinarase tomando como referencia os dous exercicios fiscais anteriores e o exercicio fiscal en curso, de acordo co establecido nos mencionados regulamentos.

Artigo 3. Actuacións e gastos subvencionables e contía das axudas.

1. O obxectivo deste plan é mellorar a eficiencia enerxética a través da substitución de electrodomésticos por outros con etiqueta A ou superior. No caso de cociñas, inclúese a substitución de placas eléctricas convencionais ou vitrocerámicas por placas de indución ou placas de gas.

Os electrodomésticos subvencionables son os seguintes:

Electrodomésticos subvencionables	Importe da axuda (€/equipamento)
Frigorífico e frigorífico-conxelador con clasificación enerxética A++	125
Conxelador con clasificación enerxética A++	
Frigorífico e frigorífico-conxelador con clasificación enerxética A+	105
Conxelador con clasificación enerxética A+	
Lavadora termoeficiente de clase enerxética A e eficacia de lavado A	
Lavadora con clasificación enerxética A, eficacia de lavado A e consumo enerxético igual ou inferior a 170 Wh/kg	
Lavalouza termoeficiente de clase enerxética A e eficacia de lavado A	
Lavalouza clase enerxética A, eficacia de lavado A e consumo enerxético ≤ 0,98 kWh/ciclo	
Placa de indución total	
Lavalouza clase enerxética A e eficacia de lavado A	85
Forno con clasificación enerxética A	
Placas de gas	50

Como máximo subvenciónase por cada beneficiario a substitución dun único electrodoméstico de cada un dos equipamentos incluídos no número 1 deste artigo.

En calquera caso, a cantidade da subvención non poderá ser superior ao 25% do prezo do electrodoméstico.

Os equipamentos que se instalarán deberán estar incluídos na listaxe do Plan Renove de Electrodomésticos. Esta listaxe poderá consultarse na páxina web do Inega (www.inega.es).

2. Con carácter xeral, e de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considéranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionable.

Os gastos subvencionables deberán estar realizados e efectivamente pagados dentro da vixencia do Plan Renove de Electrodomésticos.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor do mercado.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo do equipamento.

3. En ningún caso serán subvencionables os gastos relativos á compra de electrodomésticos que xa fosen obxecto de subvención nas anteriores campañas do Plan Renove de Electrodomésticos.

Artigo 4. *Concorrencia con outras axudas.*

1. O importe da subvención outorgada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas procedentes de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou doutros organismos internacionais, supere o 100% do investimento subvencionable. En todo caso, deberán respectarse as condicións establecidas para cada réxime de axudas na normativa que resulte de aplicación.

2. A obtención doutras axudas ou subvencións deberá comunicarse ao Instituto Enerxético de Galicia tan axiña como o interesado teña coñecemento e, en todo caso, con anterioridade á xustificación do investimento realizado.

3. O incumprimento do disposto neste artigo considerarase unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión nos termos previstos no artigo 20 destas bases reguladoras.

Artigo 5. Vixencia do plan.

O plan inicia a súa vixencia o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e rematará o día 31 de decembro de 2011 ou ata que se esgoten os fondos correspondentes.

Artigo 6. Financiamento.

A cantidade inicial destinada para esta convocatoria de axudas ascende a 1.800.000 euros. Eventualmente esta cantidade poderá incrementarse como consecuencia da maior dispoñibilidade orzamentaria co fin de atender todas as solicitudes, e con partidas sobrantas da xestión do Convenio marco de colaboración entre o Inega e o IDAE, para a definición e posta en práctica das actuacións previstas no Plan de Acción 2008-2012 (PAE4+) da Estratexia de aforro e eficiencia enerxética en España. En todo caso, a concesión de axudas queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución de concesión.

De producirse esta ampliación de fondos unha vez esgotado o orzamento inicial, reabrírase o prazo de presentación das solicitudes, e as entidades colaboradoras adheridas serán informadas mediante o correo electrónico de contacto, unha nota de prensa e un aviso na páxina web www.inega.es, así como a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 7. Entidades colaboradoras.

Para os efectos desta resolución, poderán ser entidades colaboradoras as entidades privadas con personalidade xurídica, validamente constituídas, así como os empresarios individuais sempre que, en ambos os dous casos, teñan o seu domicilio social ou algún centro de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia e acrediten as condicións de solvencia técnica e económica que se establecen neste artigo.

Poderán adquirir a condición de entidade colaboradora aquelas entidades que reúnan os requisitos establecidos neste artigo e que o soliciten nos prazos que se indican, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

As entidades colaboradoras seleccionaranse de acordo co procedemento que se establece no artigo 8 destas bases, con suxeición á normativa que resulte de aplicación.

De conformidade coa Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as entidades colaboradoras deberán formalizar o convenio de adhesión entre elas e o Instituto Enerxético de Galicia, no cal se regularán as condicións e obrigas asumidas por aquelas, que figuran no anexo III desta resolución. O dito convenio posuirá o contido mínimo previsto no artigo 13 da Lei de subvencións.

En canto á solvencia técnica e económica, as entidades colaboradoras deberán dispor dos medios tecnolóxicos precisos que garantan o acceso á aplicación informática habilitada para a xestión de selección de entidades colaboradoras e para a tramitación das solicitudes de axuda, así como a utilización de medios electrónicos nas comunicacións entre as entidades colaboradoras e o Inega. As características técnicas exhibibles poderán consultarse na páxina web do Inega (www.inega.es).

As entidades colaboradoras terán como labor a venda, a promoción da substitución e a instalación dos equipamentos indicados no artigo 3, actuando como enlace entre os beneficiarios das accións subvencionables e o Inega.

Na súa relación co Instituto Enerxético de Galicia, as entidades colaboradoras realizarán as seguintes funcións:

- Comprobación inicial dos requisitos dos solicitantes da axuda.
- Realización ante o Inega dos trámites para solicitar a axuda.
- Desenvolvemento das accións vinculadas.
- Xustificación da axuda e a súa certificación ante o Inega.

Son obrigas das entidades colaboradoras, sen prexuízo do disposto no artigo 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

a) Encontrarse ao día no pagamento das obrigas coa Facenda Pública do Estado, da Administración autónoma así como coa Seguridade Social.

b) Someterse ás actuacións de inspección e control que o Inega poida efectuar respecto á xestión destas axudas, e que permitan a xustificación financeira perante a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e o Tribunal de Contas, así como as comprobacións previstas na lexislación do Consello de Contas, de acordo co establecido na letra d) do artigo 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

c) Dar a adecuada publicidade do carácter público do cofinanciamento en todas as actuacións que deriven da execución do proxecto, en cumprimento do artigo 15.3.º da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. En concreto, deberán facer constar, na súa publicidade ou na información que xeren en relación co proxecto subvencionado, o cofinanciamento pola Xunta de Galicia a través do Inega e, se é o caso, o cofinanciamento con fondos do IDAE no marco do convenio do 3 de xullo de 2008.

d) Conservar os xustificantes orixinais e o resto da documentación relacionada coa axuda outorgada durante un período de cinco anos desde a súa concesión, e deberán restituír a subvención outorgada nos casos en que concorra causa de reintegro.

As entidades colaboradoras adheridas ao Plan Renove de Electrodomésticos asumirán os seguintes compromisos:

1. Mostrar nun lugar visible o logotipo da iniciativa e os soportes publicitarios facilitados e informar sobre ela, así como retirar os logotipos e a publicidade unha vez que peche o plan. Así mesmo, poderán incorporar na publicidade propia os logotipos do Plan Renove de Electrodomésticos que se lles facilitarán para tal efecto. Na información comercial e publicitaria dos electrodomésticos debe figurar obrigatoriamente de forma diferenciada o prezo antes e despois da subvención con cargo ao Plan Renove.

2. Cubrir convenientemente os formularios de solicitude de axuda, incorporando os datos á aplicación informática habilitada para o efecto, e comprobar que a residencia do comprador está na Comunidade Autónoma de Galicia (no suposto de que o comprador manifestase residir na Comunidade Autónoma de Galicia e o seu NIF non reflectise tal circunstancia, deberá xuntarse certificado de empadramento expedido polo concello en que radique a localidade de residencia).

3. Vender no marco da iniciativa só os equipamentos que cumpran coas condicións establecidas no artigo 3 destas bases.

4. Instalar o electrodoméstico no prazo de 90 días desde a data da venda, e retirar o existente, entregándoo a un xestor de residuos autorizado.

5. Aplicar os descontos correspondentes á subvención conforme o establecido no artigo 3 destas bases.

6. Facilitarlle ao cliente a instalación e posta en marcha do equipamento adquirido. Así mesmo, comprométese a retirar o substituído para a súa posterior reciclaxe segundo o

procedemento establecido no Real decreto 208/2005, do 25 de febreiro, sobre aparellos eléctricos e electrónicos e a xestión de seus residuos. Deste xeito, a entidade colaboradora deberá achegar ao Inega certificado de entrega do electrodoméstico retirado a un xestor de residuos autorizado. O equipamento substituído debe chegar íntegro ao centro de xestión de residuos, sen desmontar e sen carecer de ningunha das súas pezas.

7. Facilitarlle ao Inega tanta información e documentación precise para verificar a correcta aplicación das subvencións.

8. Cumprir coa normativa establecida para o desenvolvemento do Plan Renove de Electrodomésticos.

Artigo 8. Adhesión de entidades colaboradoras.

1. Existirán dous procesos de adhesión diferenciados:

A) Adhesión simplificada (renovación de entidades colaboradoras).

Esta forma de adhesión vai dirixida exclusivamente a entidades colaboradoras adheridas ao convenio do Plan Renove 2010 e que desexen volver adherirse ao convenio do Plan Renove 2011.

O prazo para a adhesión simplificada será de 5 días hábiles desde o comezo da vixencia deste plan.

a.1) Solicitudes e documentación.

As entidades colaboradoras interesadas na adhesión simplificada deberán entrar na aplicación informática do Plan Renove 2011 dispoñible na páxina web do Inega, www.inega.es, e sinalar na recadro correspondente o seu desexo de adherirse ao convenio do ano 2011.

Para acceder á aplicación informática e solicitar a adhesión simplificada, utilizarán o usuario e a contrasinal outorgados polo Inega na adhesión do ano 2010. No caso de que algunha entidade non lembre a clave deberá enviar un correo electrónico a renoveelectrodomesticos@inega.es. O usuario e o contrasinal anteriores son necesarios para poder crear solicitudes de axuda.

A entidade imprimirá dous exemplares do convenio de colaboración e remitiraos asinados polo representante legal da entidade ao Inega, así como, se é o caso, achegará a documentación necesaria para actualizar ou modificar os datos da entidade.

Toda a información da entidade que deba ser modificada ou actualizada, con relación ao compromiso de adhesión do ano anterior, deberá ser xustificada documentalmente cos mesmos documentos requiridos no proceso de adhesión ordinaria. Esta documentación presentárase en soporte papel ante o Rexistro do Instituto Enerxético de Galicia, sito na rúa Avelino Pousa Antelo, número 5, 15703 Santiago de Compostela (A Coruña); ou ben no rexistro de calquera outro órgano da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades que integran a Administración local, sempre que neste último caso se subscribise o oportuno convenio, ou polos restantes medios previstos no artigo 38.4.º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

a.2) Emenda.

De conformidade co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, se a solicitude non reúne os requisitos exixidos, requirírase a entidade colaboradora para que, nun prazo de 10 días hábiles, emende a falta ou presente os documentos preceptivos exixidos, con indicación de que, de non facelo así, se terá por desistido da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da dita Lei 30/1992.

Igual requirimento se efectuará por parte do Inega no suposto de resultado negativo da consulta cos seguintes organismos: Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT); Tesouraría Xeral da Seguridade Social; Consellería de Facenda; Rexistro Mercantil e outros rexistros públicos.

De conformidade coa Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, así como co Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, e segundo o establecido no artigo 7 en canto á solvencia técnica das entidades colaboradoras, utilizaranse medios electrónicos para as notificacións, de maneira que, cando existindo constancia da posta á disposición da notificación transcorresen 10 días naturais sen que se acceda ao seu contido, se entenderá que a notificación foi rexeitada cos efectos previstos no artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, salvo que de oficio ou por instancia do destinatario se comprobe a imposibilidade técnica ou material de acceso.

a.3) Instrución do procedemento e audiencia.

Logo de revisar as solicitudes e as emendas feitas, e inmediatamente antes da resolución, porase de manifesto aos interesados para que, nun prazo de dez días hábiles,

poidan formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que consideren pertinentes.

Porén, poderase prescindir do trámite a que se refire o parágrafo anterior cando non figuren no procedemento nin se vaian ter en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polo interesado.

a.4) Competencia.

É competente para a instrución do procedemento de selección de entidades colaboradoras o director do Departamento de Secretaría e Servizos Xerais do Inega; e para a súa resolución o director do Inega, quen resolverá por delegación do Consello de Administración.

a.5) Resolución.

O prazo máximo para resolver sobre as adhesións simplificadas é de 15 días naturais, contados desde a presentación da documentación no Inega. Pasado o dito prazo os solicitantes poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

Aqueles expedientes que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria serán adheridos ao Plan Renove de Electrodomésticos 2011. A dita adhesión será notificada a través da aplicación informática establecendo a seguinte mensaxe: «entidade colaboradora adherida».

a.6) Notificación das resolucións.

Todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

De conformidade coa Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, así como co Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, e segundo o establecido no artigo 7 en canto á solvencia técnica das entidades colaboradoras, utilizaranse medios electrónicos para as notificacións, de maneira que, cando existindo constancia da posta á disposición da notificación transcorran 10 días naturais sen que se acceda ao seu contido, se entenderá que a notificación foi rexeitada cos efectos previstos no artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime

xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, salvo que de oficio ou por instancia do destinatario se comprobe a imposibilidade técnica ou material de acceso.

Ademais, a adhesión destas entidades colaboradoras será obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

a.7) Réxime de recursos.

As resolucións ditadas ao abeiro desta resolución de convocatoria poñen fin á vía administrativa e contra elas poderá interperse recurso contencioso-administrativo, ante os xulgados do contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á recepción da notificación da resolución ou de 6 meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Potestativamente, poderá interperse recurso de reposición ante o director do Inega no prazo dun mes, desde o día seguinte ao da recepción da notificación da resolución ou 3 meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, segundo o establecido na Lei de réxime xurídico das administracións públicas.

B) Adhesión ordinaria (alta de novas entidades colaboradoras).

Esta forma de adhesión vai dirixida ás entidades colaboradoras que non estivesen adheridas ao convenio do ano 2010.

O prazo para a adhesión ordinaria será de 5 días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación no DOG.

O procedemento de adhesión ordinaria será o seguinte:

b.1) Solicitudes e documentación.

Os formularios das solicitudes e do convenio de adhesión como entidade colaboradora formalizaranse obrigatoriamente a través da aplicación informática creada para tal efecto. O dito enlace para acceder á aplicación publicarase na web do Inega www.inega.es.

Ao cubrir a través da aplicación informática a solicitude de adhesión, facilitaránselles aos solicitantes, automaticamente e mediante correo electrónico, o usuario e o contrasinal, necesarios para poder crear solicitudes de axuda.

O formulario da solicitude e o convenio de colaboración, unha vez cuberto a través da aplicación informática, imprimirase e presentarase por duplicado e debidamente asinado e selado polo representante legal da entidade, xunto coa documentación establecida neste artigo, ante o rexistro do Instituto Enerxético de Galicia, sito na rúa Avelino Pousa Antelo, número 5, 15703 Santiago de Compostela (A Coruña); ou ben no rexistro de calquera outro órgano da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades que integran a Administración local, sempre que neste último caso se subscribise o oportuno convenio, ou polos restantes medios previstos no artigo 38.4.º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O formulario de solicitude para adherirse como entidade colaboradora, segundo o modelo establecido no anexo I (que se publicará no *Diario Oficial de Galicia* exclusivamente para os efectos informativos), conterá os seguintes datos:

- a) Identificación da entidade.
- b) Identificación do representante legal da entidade colaboradora.
- c) Declaración expresa de coñecer o contido destas bases e do convenio e que cumpre cos requisitos establecidos nelas.
- d) Declaración expresa de ter o domicilio social ou centro de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia.
- e) Declaración expresa da solvencia técnica e económica segundo o establecido no artigo 7 das bases reguladoras.
- f) Declaración expresa de consentimento da utilización de medios electrónicos na comunicación entre as entidades colaboradoras e o Inega segundo o establecido no artigo 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e no artigo 24 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.
- g) Declaración expresa de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de entidade colaboradora recollidas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- h) Compromiso de comunicación de calquera variación que poida acontecer nos datos recollidos nos documentos achegados.

i) Autorización ao órgano xestor para que solicite a información necesaria para coñecer se o solicitante está ao día nas súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Tesouraría da Seguridade Social ou coa Facenda da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. De non dar a autorización para a comprobación do mencionado anteriormente, deberá presentar certificación xustificativa de estar ao día coas súas obrigas cos organismos sinalados anteriormente.

j) Autorización ao órgano xestor para que solicite a información necesaria en relación co NIF da entidade colaboradora. De non dar a autorización para a comprobación do mencionado anteriormente, deberá presentar copia do NIF.

A documentación que debe achegarse ao formulario da solicitude é a seguinte:

1. Copia orixinal ou compulsada do documento acreditativo de poder suficiente do representante legal da entidade.

2. Certificación expedida pola entidade bancaria da titularidade da conta onde se realizarán os ingresos á entidade colaboradora.

3. Fotocopia do último recibo do imposto de actividades económicas (IAE) ou, de ser o caso, declaración xurada de exención de pagamento (poderase consultar un modelo na web do Inega).

b.2) Emenda.

De conformidade co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, se a solicitude non reúne os requisitos exixidos, requirirase a entidade colaboradora para que, nun prazo de 10 días hábiles, emende a falta ou presente os documentos preceptivos exixidos, con indicación de que, de non facelo así, se terá por desistido da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da dita lei.

Igual requirimento se efectuará por parte do Inega no suposto de resultado negativo da consulta cos organismos seguintes: Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT); Tesouraría Xeral da Seguridade Social; Consellería de Facenda; Rexistro Mercantil e outros rexistros públicos.

De conformidade coa Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, así como co Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se re-

gula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, e segundo o establecido no artigo 7 en canto á solvencia técnica das entidades colaboradoras, utilizaranse medios electrónicos para as notificacións, de maneira que, cando existindo constancia da posta á disposición da notificación transcorresen 10 días naturais sen que se acceda ao seu contido, se entenderá que a notificación foi rexeitada cos efectos previstos no artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, salvo que de oficio ou por instancia do destinatario se comprobe a imposibilidade técnica ou material de acceso.

b.3) Instrución do procedemento e audiencia.

Logo de revisar as solicitudes e as emendas feitas, e inmediatamente antes da resolución, porase de manifesto aos interesados para que, nun prazo de 10 días hábiles, poidan formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que consideren pertinentes.

Porén, poderase prescindir do trámite a que se refire o parágrafo anterior cando non figuren no procedemento nin se vaian ter en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polo interesado.

b.4) Competencia.

É competente para a instrución do procedemento de selección de entidades colaboradoras o director do Departamento de Secretaría e Servizos Xerais do Inega; e para a súa resolución o director do Inega, quen resolverá por delegación do Consello de Administración.

b.5) Resolución.

O prazo máximo para resolver sobre as adhesións ordinarias é de 15 días naturais, contados desde a presentación da documentación no Inega. Pasado o dito prazo os solicitantes poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

Aqueles expedientes que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria serán adheridos ao Plan Renove de Electrodomésticos 2011. A dita adhesión será notificada a través da aplicación informática establecendo a seguinte mensaxe: «entidade colaboradora adherida».

b.6) Notificación das resolucións.

Todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

De conformidade coa Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, así como co Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, e segundo o establecido no artigo 7 en canto á solvencia técnica das entidades colaboradoras, utilizaranse medios electrónicos para as notificacións, de maneira que, cando existindo constancia da posta á disposición da notificación transcorresen 10 días naturais sen que se acceda ao seu contido, se entenderá que a notificación foi rexeitada cos efectos previstos no artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, salvo que de oficio ou por instancia do destinatario se comprobe a imposibilidade técnica ou material de acceso.

Ademais, a adhesión destas entidades colaboradoras será obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

b.7) Réxime de recursos.

As resolucións ditadas ao abeiro desta resolución de convocatoria poñen fin á vía administrativa e contra elas poderá interperse recurso contencioso-administrativo, ante os xulgados do contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á recepción da notificación da resolución ou de 6 meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Potestativamente, poderá interperse recurso de reposición ante o director do Inega no prazo dun mes, desde o día seguinte ao da recepción da notificación da resolución ou 3 meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, segundo o establecido na Lei de réxime xurídico das administracións públicas.

Artigo 9. Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios das subvencións as persoas físicas e xurídicas de dereito público ou privado con domicilio na Comunidade Autónoma de Galicia que adquiren un

equipamento dos mencionados no artigo 3 e que se instale na Comunidade Autónoma de Galicia. Para ser beneficiario terá que tramitar a súa solicitude a través dalgunha das entidades colaboradoras adheridas que se publiquen no *Diario Oficial de Galicia*.

Non poderán obter a condición de beneficiarios as persoas físicas ou xurídicas en que conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10.2 e 3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento.

Son obrigas dos beneficiarios, sen prexuízo do disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia as seguintes:

- a) As descritas no artigo 7, letras a), b) e d), obrigas comúns ás entidades colaboradoras.
- b) Realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamente a concesión da subvención.
- c) Proporcionarlle á entidade colaboradora todos os documentos necesarios para poder tramitar as axudas establecidas nestas bases, así como acreditar os requisitos ou condicións que determinen a concesión da axuda, no prazo sinalado na convocatoria ou, excepcionalmente, o que se sinale na resolución, cando esta sexa consecuencia da estimación dun recurso.
- d) Acreditar ante a entidade colaboradora, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión, así como antes das correspondentes propostas de pagamento, que está ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma.
- e) Os beneficiarios obríganse a facilitar tanta información lles sexa requirida polo Inega no exercicio das súas funcións de fiscalización do destino das axudas.
- f) Realizar o pagamento da facturas emitidas pola entidade colaboradora antes da data de xustificación establecida no artigo 10. O pagamento corresponderá ao prezo total do electrodoméstico descontando a axuda outorgada polo Inega.
- g) Non adquirir un electrodoméstico nunha entidade colaboradora con que exista algún tipo de vinculación. Considerarase que existe vinculación con aquelas persoas físicas ou xurídicas en que conorra algunha das seguintes circunstancias:
 - Persoas físicas unidas por relación conxugal ou persoas ligadas con análoga relación de afectividade, parentesco de consanguinidade ata o cuarto grao ou de afinidade ata o segundo.

– As persoas físicas e xurídicas que teñan unha relación laboral retribuída mediante pagamentos periódicos.

– Ser membros asociados do beneficiario.

– Unha sociedade e os seus socios maioritarios ou os seus conselleiros ou administradores, así como os cónxuxes ou persoas ligadas con análoga relación de afectividade e familiares ata o cuarto grao de consanguinidade ou de afinidade ata o segundo.

– As sociedades que, de acordo co artigo 4 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, reguladora do mercado de valores, reúnan as circunstancias requiridas para formar parte do mesmo grupo.

– As persoas xurídicas e os seus representantes legais, patróns ou quen exerza a súa administración, así como os cónxuxes ou persoas ligadas con análoga relación de afectividade e familiares ata o cuarto grao de consanguinidade ou de afinidade ata o segundo.

– As persoas xurídicas e as persoas físicas ou xurídicas que conforme as normas legais, estatutarias ou os acordos contractuais teñan dereito a participar en máis dun cincuenta por cento no beneficio das primeiras.

A presentación da solicitude de axuda asinada polo representante da entidade colaboradora e polo solicitante da axuda no rexistro do Inega autoriza a este a solicitar a información necesaria en relación ao NIF do solicitante da axuda ou, de ser o caso, do certificado de empadramento. De non dar a autorización para a comprobación do mencionado anteriormente, deberá presentar copia do NIF ou do certificado de empadramento expedido polo concello en que radique a localidade de residencia.

Artigo 10. *Procedemento para acceder ás axudas.*

O procedemento estrutúrase en dúas fases:

a) Rexistro de operacións:

1. O comprador dirixirase a unha entidade colaboradora adherida a esta iniciativa e elixirá un elemento subvencionable que cumpra os requisitos mínimos exixidos no artigo 3 destas bases.

2. Unha vez adquirido o equipamento, a entidade colaboradora adherida cubrirá o formulario de solicitude de axuda (véxase anexo II) mediante a aplicación informática habilitada para o efecto e asegurarse de que se trata dunha persoa residente na Comunidade

Autónoma de Galicia, verificando o NIF e, de ser o caso, o certificado empadramento na localidade de residencia. Cando na aplicación informática o estado estableza «Rexistrada», significa que a venda foi rexistrada e indica a contía da axuda solicitada ao Inega. No caso de cometer algún erro ao cubrir a solicitude poderase borrar e cubrila de novo sempre e cando existan fondos.

3. Poderán rexistrarse as vendas a partir dos 9 días hábiles contados desde o día seguinte da publicación no DOG deste plan. As vendas poderán rexistrarse ata o esgotamento de crédito ou ata o fin do Plan Renove de Electrodomésticos, previsto no artigo 5 destas bases.

b) Solicitude da axuda e xustificación da actuación:

1. O comprador asinará a conformidade no formulario de solicitude de axuda (os 3 exemplares, quedándose cun deles) e entregará unha fotocopia do NIF e/ou certificado de empadramento, se for necesario. Unha das tres copias desta solicitude, asinada polo comprador, entregaráa ao Inega a entidade colaboradora, coa documentación de xustificación da actuación obxecto da axuda.

2. A entidade colaboradora adherida cobrará o prezo resultante de restarlle ao prezo do electrodoméstico (IVE incluído) o desconto da axuda establecida no artigo 3, tal e como se especifica no anexo II destas bases. O IVE só se subvencionará cando o obxecto da subvención non se dedique nin se adscriba a ningunha actividade empresarial ou profesional. Para que o IVE sexa subvencionable será necesario marcar o recadro de declaración responsable da exención do IVE establecida no anexo II. No caso de non marcar esta declaración non se subvencionará o IVE.

3. A entidade colaboradora adherida entregará e instalará o equipamento e retirará o substituído para o súa reciclaxe.

4. Dentro dos 90 días naturais desde a data do rexistro da venda (cobertura do formulario de solicitude de axuda), a entidade colaboradora remitirá conxuntamente ao Inega a solicitude da axuda e a documentación que xustifica a execución da actuación subvencionada. Se transcorrese este prazo sen que se remitise a documentación, os fondos reservados liberaranse e pasarán a formar parte do crédito dispoñible. Tamén se liberarán os fondos se, existindo constancia da posta á disposición da notificación da emenda, transcorresen 10 días sen que se achegase a documentación xustificativa ao Inega.

A documentación xustificativa consiste en:

- O formulario de solicitude da axuda, asinado polo comprador e pola entidade colaboradora.
- Copia da factura xustificativa de cobramento do investimento realizado emitida despois da compra do electrodoméstico. A factura deberá estar asinada e selada pola entidade colaboradora e polo beneficiario da axuda, coa lenda «pagado» para que quede constancia deste feito. Na factura indicárase claramente: data de emisión, nome e NIF do beneficiario, enderezo onde se instala o equipamento, marca, modelo e número de serie, así coma os seguintes conceptos: base imponible, IVE, total da base imponible máis IVE, desconto Plan Renove Electrodomésticos Inega e total que pagará o cliente (datos calculados pola aplicación informática). Na páxina web www.inega.es colgarase un modelo orientativo de factura.
- Certificado orixinal de retirada do electrodoméstico antigo por un xestor autorizado, sen emendas ou riscaduras.

A presentación da documentación xustificativa será ante o rexistro do Instituto Enerxético de Galicia, sito na rúa Avelino Pousa Antelo, número 5, 15703 Santiago de Compostela (A Coruña); ou ben no rexistro de calquera outro órgano da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades que integran a Administración local, sempre que neste último caso se subscribise o oportuno convenio, ou polos restantes medios previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

5. De conformidade co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, se a solicitude ou a documentación xustificativa non reúne os requisitos exixidos, requirirase a entidade colaboradora, para que, nun prazo de 10 días hábiles, emende a falta ou presente os documentos preceptivos exixidos, con indicación de que, de non facelo así, se terá por desistido da súa petición de axuda, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da dita lei.

Igual requirimento se efectuará por parte do Inega no suposto de resultado negativo da consulta cos seguintes organismos: Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), Tesouraría Xeral da Seguridade Social e Consellería de Facenda.

De conformidade coa Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, así como co Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o

desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes e segundo o establecido no artigo 7 en canto á solvencia técnica das entidades colaboradoras, utilizaranse medios electrónicos para a notificación da emenda, de xeito que, cando existindo constancia da posta á disposición da notificación da emenda transcorresen 10 días naturais sen que se acceda ao seu contido, se entenderá que a notificación foi rexeitada cos efectos previstos no artigo 59 na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, salvo que de oficio ou por instancia do destinatario se comprobe a imposibilidade técnica ou material de acceso.

6. O Inega informará as entidades colaboradoras adheridas, mediante un anuncio inserido na súa páxina web, da data en que finalicen os fondos asignados para este programa de axudas, así como a reapertura do prazo de solicitude se se dan as circunstancias indicadas no artigo 6 desta resolución.

Artigo 11. *Xestión informática das axudas.*

As entidades colaboradoras poderán visualizar na aplicación informática o estado do rexistro das vendas, así como a súa posterior validación polo persoal do Inega, cando se reciba íntegra neste ente público a documentación xustificativa para a percepción das axudas.

A aplicación informática pola que se xestiona o plan indicará polo menos as seguintes posibles situacións da solicitude de axuda co significado que se indica en cada caso:

– Reservada: existen fondos reservados, indicando a contía da axuda solicitada ao Inega. Está pendente de que a entidade colaboradora imprima a solicitude e a envíe ao Inega xunto coa documentación xustificativa. Se transcorrido o prazo de 90 días naturais non se presenta a documentación xustificativa, a reserva de fondos será cancelada e liberaranse os fondos tal e como establece o artigo 10 b).

– Recibida Inega: a solicitude chegou ao Inega e está pendente de revisión.

– Validada: a solicitude xa foi validada polo Inega e iníciase o procedemento de pagamento.

– Documentación incompleta ou errónea: a documentación recibida polo Inega está incompleta ou é errónea, de xeito que, se non se emenda no prazo de 10 días hábiles desde o día seguinte a recepción da notificación de emenda, a solicitude cancelárase.

– Pagamento en trámite: a solicitude está en proceso de pagamento. Nos próximos días recibirá o ingreso na súa conta.

– Cancelada: a solicitude foi cancelada por renuncia do solicitante ou por non cumprir as bases do Plan Renove de Electrodomésticos.

– Cancelada por prazo: a solicitude cancelouse por non presentarse a documentación establecida no artigo 10 b) unha vez transcorrido o prazo de 90 días naturais desde o día seguinte á data da reserva dos fondos. Tamén por non atender o requirimento de emenda no prazo de 10 días nos termos establecidos no artigo 10 b) 4.

Artigo 12. *Instrución do procedemento de concesión das axudas.*

A concesión das subvencións efectuarase respectando a rigorosa orde de rexistro de vendas que se fixese na aplicación informática, e ata o esgotamento do crédito dispoñible, sempre que as solicitudes se correspondan coas operacións de venda rexistradas na aplicación informática, e sempre que cumpran os requisitos establecidos nestas bases.

Deberán ser obxecto de comunicación ao Inega aqueles rexistros de operacións que non poidan xustificarse nas condicións especificadas nestas bases ou aquelas en que se renuncie á subvención concedida, para o efecto da anulación dos ditos expedientes e a adopción, de ser o caso, das medidas precisas para liberar os créditos correspondentes.

Non axustarse aos termos da convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información será causa de desestimación da solicitude, sen prexuízo do disposto nos artigos 50 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A concesión destas axudas estará, en todo caso, condicionada á existencia de crédito orzamentario e, no caso de esgotamento do crédito, a Administración deberá publicar no DOG a dita circunstancia, así como na páxina web do Inega (www.inega.es), o que comportará a non admisión das solicitudes posteriores, sen prexuízo de que a Administración poida optar por incrementar o crédito orzamentario de acordo co previsto no artigo 6 destas bases.

Artigo 13. *Audiencia.*

Instruído o procedemento, e inmediatamente antes da resolución, porase de manifesto aos interesados para que, nun prazo de dez días hábiles, poidan formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que consideren pertinentes.

Porén, poderase prescindir do trámite a que se refire o parágrafo anterior cando non figuren no procedemento nin se vaian ter en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polo interesado.

Artigo 14. Competencia.

O órgano competente para a instrución do procedemento de concesión de axudas será o director do Departamento de Secretaría e Servizos Xerais do Inega; e a súa resolución corresponderá ao director do Inega, quen resolverá por delegación do Consello de Administración.

Artigo 15. Prazo máximo de resolución.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución será de nove (9) meses contados desde a data do rexistro da venda na aplicación informática. Se transcorrese o prazo máximo para resolver sen que se ditase resolución expresa, os solicitantes poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo, de conformidade co artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 16. Notificación das resolucións.

Todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

De conformidade coa Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, así como co Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, e segundo o establecido no artigo 7 en canto á solvencia técnica das entidades colaboradoras, utilizaranse medios electrónicos para as notificacións, de maneira que, cando existindo constancia da posta á disposición da notificación transcorresen 10 días naturais sen que se acceda ao seu contido, se entenderá que a notificación foi rexeitada cos efectos previstos no artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, salvo que de oficio ou por instancia do destinatario se comprobe a imposibilidade técnica ou material de acceso.

As notificacións realizaranse ás entidades colaboradoras e estas terán a obriga de realizar a notificación aos beneficiarios das axudas.

Artigo 17. Réxime de recursos.

As resolucións ditadas ao abeiro desta resolución de convocatoria poñen fin á vía administrativa e contra elas poderá interperse recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da recepción da notificación da resolución ou de 6 meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Potestativamente, poderá interperse recurso de reposición ante o director do Inega no prazo dun mes, desde o día seguinte á recepción da notificación da resolución ou 3 meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, segundo o establecido na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 18. Pagamento ás entidades colaboradoras.

Cando estea completa e correcta a documentación referida no artigo 10, o Inega aboarálle á entidade adherida o importe correspondente na conta bancaria facilitada para tal efecto na súa solicitude de adhesión.

Artigo 19. Incumprimento, reintegro e sancións.

1. O Inega resérvase o dereito de realizar cantas comprobacións, inspeccións e demais medidas de control se consideren oportunas para velar pola correcta aplicación dos recursos públicos, e os beneficiarios someteranse ás actuacións de control que realice o Instituto Enerxético de Galicia para o seguimento dos proxectos aprobados e ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, así como ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, así como, de ser o caso, ás dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo.

Se no curso destas verificacións se detectase que os beneficiarios da subvención ou as entidades colaboradoras adheridas incumpriron algunha das condicións establecidas no

Plan Renove de Electrodomésticos, resolverase a adhesión, o que implicará a perda dos beneficios e, de ser o caso, decretarase a obriga de reintegrarlle ao Inega as cantidades obtidas indebidamente cos xuros legais que correspondan, sen prexuízo das accións legais e sancións que correspondan.

2. Cando se realizasen descontos por parte dos establecementos adheridos en concepto de axuda obxecto deste plan a titulares dunha solicitude e se comprobase posteriormente por parte do Inega que non se cumpriran as condicións establecidas para recibir a dita axuda por parte dos beneficiarios ou, de ser o caso, se comprobase que houbo incumprimentos por algunha entidade colaboradora das bases da convocatoria, a entidade asumirá os ditos descontos e non poderá reclamálos ao Inega. Esta previsión será de aplicación igualmente para o caso de que un establecemento adherido opere con varias tendas sen comunicarlle esta circunstancia ao Inega, para os efectos do seu recoñecemento por esta e habilitación para participar no plan a través deses locais como establecementos adheridos, sen prexuízo doutras posibles responsabilidades conforme o disposto na normativa vixente en materia de subvencións.

Ademais, o incumprimento por parte dunha entidade colaboradora adherida consistente en aprazar o pagamento da axuda ao cliente final ata despois de que o Inega llo ingrese a el, en lugar de descontalo no momento do pagamento, suporá o incumprimento destas bases coas consecuencias previstas neste artigo.

3. Efectuado o pagamento das subvencións polo Inega, o incumprimento das obrigas contidas nestas bases reguladoras ou na demais normativa aplicable, así como das condicións que, de ser o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a subvención percibida, así como os xuros de demora correspondentes.

4. Para facer efectiva a devolución a que se refire o número anterior, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e ás súas normas de desenvolvemento.

5. Ás entidades colaboradoras e aos beneficiarios da subvención reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 20. Modificación da resolución.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 21. Control.

1. O Instituto Enerxético de Galicia poderá facer as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento das subvencións.

2. Sen prexuízo do anterior, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, así como, se é o caso, ás dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo.

Artigo 22. Publicidade.

De conformidade co establecido no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, estas bases publicaranse no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web do Instituto Enerxético de Galicia (www.inega.es) nos termos previstos no artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.

No prazo máximo de tres meses contados desde a data de resolución das concesións, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación de subvencións concedidas, con indicación da norma reguladora, beneficiario, crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención.

Non obstante o anterior, cando os importes das subvencións concedidas, individualmente consideradas, sexan de contía inferior a 3.000 euros, non será necesaria a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, que será substituída pola publicación das subvencións concedidas na páxina web do Instituto Enerxético de Galicia.

Artigo 23. Protección de datos de carácter persoal.

De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións, convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa física solicitante da subvención consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, no dito rexistro, feito que terá lugar agás nos supostos legalmente establecidos, todo isto consonte o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, pola que se regula a protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.

A dita autorización esténdese á cesión dos seus datos persoais ao IDAE, á entidade financeira en que se aboe o pagamento das axudas, ao *Diario Oficial de Galicia* e ás demais cesións previstas na lei.

O solicitante poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición no enderezo do Instituto Enerxético de Galicia, sito na rúa Avelino Pousa Antelo, 5, 15703 Santiago de Compostela (A Coruña).

Artigo 24. Remisión normativa.

Para todo o non previsto nestas bases aplicarase o previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; no Regulamento (CE) 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas *de minimis*, e no Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, así como no resto da normativa que resulte de aplicación.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2011.

Eliseo Diéguez García
Director do Instituto Enerxético de Galicia

ANEXO I
SOLICITUDE DE ADHESIÓN AO PLAN RENOVE DE ELECTRODOMÉSTICOS 2011

PROCEDEMENTO ADHESIÓN AO PLAN RENOVE DE ELECTRODOMÉSTICOS 2011	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO IN414B	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

NOME DA ENTIDADE COLABORADORA		NIF
ENDEREZO		PROVINCIA
CONCELLO	COMARCA	CÓDIGO POSTAL
CADENA OU GRUPO EMPRESARIAL	ASOCIACIÓN COMERCIAL A QUE PERTENECE	
No caso de dispor de varios puntos de venda na Comunidade Autónoma de Galicia, deberá presentar un anexo de adhesión para cada un dos puntos de venda.		
REPRESENTANTE DA ENTIDADE		TELÉFONO DO REPRESENTANTE
PERSOA DE CONTACTO		CARGO
CORREO ELECTRÓNICO	TELÉFONO	FAX
CONTA CORRENTE EN QUE DESEXA RECIBIR A AXUDA (20 DÍXITOS)		

O solicitante consente de modo expreso a incorporación e tratamento dos seus datos nos ficheiros informáticos de titularidade do Inega, coa finalidade de aplicar este programa de subvencións, así como para a realización de envíos informativos e de promoción que puidesen resultar do seu interese. Do mesmo xeito, consente de modo expreso que os seus datos poidan ser cedidos ao Inega para o seu uso con fins de envíos informativos ou promocionais e outras cesións previstas na lei. A consignación dos datos persoais ten carácter obrigatorio. O solicitante queda igualmente informado sobre a posibilidade de exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición no enderezo do Inega, rúa Avelino Pousa Antelo n.º 5, 15707 Santiago de Compostela, de acordo co artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal.

A entidade colaboradora declara:

- Coñecer o contido destas bases e do convenio e que cumpre cos requisitos establecidos nelas.
- Que ten o domicilio social ou centro de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Que posúe a solvencia técnica e económica segundo o establecido no artigo 7 das bases reguladoras.
- Que consente expresamente a utilización de medios electrónicos na comunicación entre as entidades colaboradoras e o Inega segundo o establecido no artigo 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos. Así como no artigo 24 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.
- Que non está incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de entidade colaboradora recollidas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Que comunicará ao Inega calquera variación que se poida producir nos datos recollidos nos documentos achegados.
- Que autoriza o órgano xestor para que solicite a información necesaria para coñecer se a entidade colaboradora está ao día nas súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Tesouraría da Seguridade Social ou con Facenda da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Que autoriza o órgano xestor para que solicite a información necesaria en relación ao NIF da entidade colaboradora ou, de ser o caso, do certificado de empadramento. De non dar a autorización para a comprobación mencionada anteriormente, deberá presentar copia do NIF en vigor ou certificado de empadramento actual.

A entidade colaboradora asume os seguintes compromisos:

1. Mostrar nun lugar visible o logotipo da iniciativa e os soportes publicitarios facilitados e informar sobre ela, así como retirar os logos e a publicidade unha vez que peche o plan. Así mesmo, poderán incorporar na publicidade propia os logotipos do Plan Renove de Electrodomésticos que se lle facilitarán para tal efecto. Na información comercial e publicitaria dos electrodomésticos debe figurar obrigatoriamente de forma diferenciada o prezo antes e despois da subvención con cargo ao Plan Renove 2011.
2. Cubrir convenientemente os formularios de solicitude de axuda, incorporando os datos á aplicación informática habilitada para o efecto e comprobar que a residencia do comprador está na Comunidade Autónoma de Galicia (no suposto de que o comprador manifestase residir na Comunidade Autónoma de Galicia e o seu NIF non reflectise tal circunstancia, deberá xuntarse certificado de empadramento expedido polo concello en que radique a localidade de residencia).
3. Vender no marco da iniciativa só os equipamentos que cumpran coas condicións establecidas no artigo 3 destas bases.
4. Instalar o electrodoméstico no prazo de 90 días desde a data da súa venda, e retirar o existente, entregándoo a un xestor de residuos autorizado.
5. Aplicar os descontos correspondentes á subvención conforme o establecido no artigo 3 destas bases.
6. Facilitarlle ao cliente a instalación e posta en marcha do equipamento adquirido. Así mesmo, comprométese a retirar o substituído para a súa posterior reciclaxe segundo o procedemento establecido no Real decreto 208/2005, do 25 de febreiro, sobre aparatos eléctricos e electrónicos e a xestión dos seus residuos. Deste xeito, a entidade colaboradora deberá achegar ao Inega certificado de entrega do electrodoméstico retirado a un xestor de residuos autorizado. O equipo substituído debe chegar íntegro ao centro de xestión de residuos, sen desmontar e sen carecer de ningunha das súas pezas.
7. Facilitarlle ao Inega canta información e documentación precise para verificar a correcta aplicación das subvencións.
8. Cumprir coa normativa establecida para o desenvolvemento do Plan Renove de Electrodomésticos.

Sinatura do representante da entidade colaboradora

, de de

No caso de adhesión ordinaria, débese xuntar a este formulario:

1. Copia orixinal ou compulsada do documento acreditativo de poder suficiente do representante legal da entidade.
2. Certificación orixinal ou copia compulsada, expedida pola entidade bancaria, da titularidade da conta onde se realizarán os ingresos á entidade colaboradora.
3. Fotocopia do último recibo do Imposto de Actividades Económicas (IAE) ou, no seu caso, declaración xurada de exención de pagamento.

No caso da adhesión simplificada, e cando exista modificación ou actualización de datos respecto ao ano 2010, a entidade colaboradora deberá presentar a documentación necesaria para xustificar os ditos cambios cos mesmos documentos requiridos no proceso de adhesión ordinaria.

Tal documentación farase chegar ao Inega remitíndoa:

Inega (Plan Renove Electrodomésticos 2011), rúa Avelino Pousa Antelo n.º 5, 15707 Santiago de Compostela.

O Inega facilitaralles ás entidades colaboradoras adheridas a documentación necesaria e o material promocional do Plan Renove de Electrodomésticos.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución do 12 de setembro de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva relativas ao Plan Renove de Electrodomésticos, se regula a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión e se convocan as ditas axudas.

ANEXO II
SOLICITUDE DE AXUDA DO PLAN RENOVE DE ELECTRODOMÉSTICOS

PROCEDEMENTO AXUDA DO PLAN RENOVE DE ELECTRODOMÉSTICOS 2011	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO IN414C	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DA ENTIDADE COLABORADORA

CÓDIGO ASIGNADO POLO INEGA NA ADHESIÓN	
NOME DA ENTIDADE COLABORADORA	NIF

DATOS DO COMPRADOR

Particular <input type="checkbox"/>	Empresa <input type="checkbox"/>	Concello <input type="checkbox"/>	Outros entes públicos <input type="checkbox"/>
NOME E APELIDOS			NIF
ENDEREZO		PROVINCIA	
CONCELLO	COMARCA	CÓDIGO POSTAL	
TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO		

CARACTERÍSTICAS DO EQUIPAMENTO QUE SE RETIRA

TIPO	
MARCA	MODELO

CARACTERÍSTICAS DO EQUIPAMENTO QUE SE INSTALA

TIPO	
MARCA	MODELO
CLASIFICACIÓN ENERXÉTICA	

CONTÍAS DE VENDA E AXUDA

CONCEPTO	PREZO (€)
Base imponible (marca, modelo, clasificación)	
IVE (18%)	
TOTAL (base imponible + IVE)	
Desconto do Plan Renove de Electrodomésticos	
Total para cobrar ao cliente	

O COMPRADOR DECLARA:

- Que os datos indicados son certos.
 Que o domicilio está na Comunidade Autónoma de Galicia.
 Que non adquire ningún outro electrodoméstico do mesmo tipo.
 Que o equipamento se instalará na Comunidade Autónoma de Galicia antes dos 90 días naturais desde o rexistro da venda.
 Que o electrodoméstico substituído se entregará íntegro (con todas as pezas colocadas) ao xestor autorizado.
 Que coñece as bases do Plan Renove de Electrodomésticos e acepta a subvención do Inega e autoriza a entidade colaboradora indicada neste documento a percibir o importe da subvención.
 Que non está dentro das causas de prohibición para ser beneficiario de subvencións públicas segundo establece o artigo 10.2.º e 3.º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 121, do 13 de xuño).
 Que se encontra ao día no cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social e non ten débedas coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.
 Que o obxecto da subvención non se dedica nin se adscribe a ningunha actividade empresarial profesional (declaración responsable da exención do IVE). **Non caso de non marcar esta declaración, non se subvencionará o IVE.**
 Que autoriza ao Inega a solicitar a información necesaria en relación co NIF do solicitante da axuda.



Rúa Avelino Pousa Antelo, n.º 5 (San Lázaro)
15707 Santiago de Compostela
Tlf: 981 54 15 00



A ENTIDADE COLABORADORA DECLARA:

Que antes de transcorridos 90 días desde o rexistro da venda do equipamento instalará o equipamento novo no enderezo que se indica a continuación, retirará o vello entregándoo a un xestor de residuos autorizado e remitirá ao Inega a documentación xustificativa que se establece no artigo 10 das bases reguladoras deste plan.

ENDEREZO DA INSTALACIÓN		PROVINCIA
<input type="text"/>		<input type="text"/>
CONCELLO	COMARCA	CÓDIGO POSTAL
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

O solicitante consente de modo expreso a incorporación e tratamento dos seus datos nos ficheiros informáticos de titularidade do Inega, coa finalidade de aplicar este programa de subvencións, así como para a realización de envíos informativos e de promoción que puidesen resultar do seu interese. Do mesmo xeito, consente de modo expreso que os seus datos poidan ser cedidos ao Inega para o seu uso con fins de envíos informativos ou promocionais e outras cesións previstas na lei. A cobertura dos cadros cos datos persoais ten carácter obrigatorio. O solicitante queda igualmente informado sobre a posibilidade de exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición no enderezo do Inega rúa Avelino Pousa Antelo n.º 5, 15707 Santiago de Compostela, de acordo co artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal.

Sinatura do comprador Sinatura e selo da entidade colaboradora

_____, de _____ de _____

Débese xuntar a este formulario:

- O formulario de solicitude da axuda, asinado polo comprador e pola entidade colaboradora.
- Copia da factura xustificativa do cobramento do investimento realizado emitida despois da compra do electrodoméstico. A factura deberá estar asinada pola entidade colaboradora e polo beneficiario da axuda, coa lenda «pagado» para que quede constancia deste feito. Na factura indicárase claramente: data de emisión, nome e NIF do beneficiario, enderezo onde se instala o equipamento, marca, modelo, número de serie, así como os seguintes conceptos: base imponible, IVE, total da base imponible máis IVE, desconto Plan Renove Electrodomésticos Inega e total para pagar polo cliente (datos calculados pola aplicación informática). Na páxina web www.inega.es colgarase un modelo orientativo de factura.
- Certificado orixinal de retirada do electrodoméstico antigo por un xestor de residuos autorizado, sen emendas ou riscaduras.

Tal documentación farase chegar ao Inega remitíndoa:

Inega (Plan Renove Electrodomésticos 2011), rúa Avelino Pousa Antelo n.º 5, 15707 Santiago de Compostela.

LEXISLACIÓN APLICABLE:

Resolución do 12 de setembro de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva relativas ao Plan Renove de Electrodomésticos, se regula a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión e se convocan as ditas axudas.



ANEXO III

Convenio de colaboración entre o Inega e a entidade colaboradora ____ para a xestión de axudas relativas ao Plan Renove de Electrodomésticos

Santiago de Compostela, ____ de _____ de 2011.

Dunha parte, o director do Instituto Enerxético de Galicia, en virtude das facultades que lle confiren os artigos 5 e 8 da Lei 3/1999, do 11 de marzo, de creación do Instituto Enerxético de Galicia.

Da outra parte ____, con NIF ____, actuando en nome e representación da entidade _____, debidamente facultado para subscribir este convenio,

EXPOÑEN:

I. Que o Inega acordou realizar unha convocatoria de axudas dentro do Plan Renove de Electrodomésticos para o impulso das medidas de mellora do aforro e a eficiencia enerxética, o fomento do uso racional da enerxía e, en xeral, a óptima xestión dos recursos enerxéticos nos distintos sectores económicos de Galicia.

II. Que ambas as partes consideran que, por razóns de eficacia na xestión e co fin de conseguir unha mellor prestación de servizos aos beneficiarios das axudas, e de conformidade cos artigos 9 e 13 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, acordan subscribir este convenio de colaboración, de conformidade coas seguintes estipulacións:

Primeira. Obxecto da colaboración.

O obxecto deste convenio consiste en establecer un marco de colaboración entre o Instituto Enerxético de Galicia e a entidade _____ para xestionar as axudas convocadas na Resolución do 13 de setembro de 2011, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva relativas ao Plan Renove de Electrodomésticos, se regula a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión e se convocan as ditas axudas.

Segunda. Entidade colaboradora.

A entidade ____ é unha entidade colaboradora que cumpre co establecido no artigo 7 da Resolución do 13 de setembro de 2011, pola que se establecen as bases reguladoras

para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva relativas ao Plan Renove de Electrodomésticos, se regula a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión e se convocan as ditas axudas, que acredita o cumprimento dos requisitos e as condicións de solvencia económica e técnica previstas nas bases reguladoras contidas na dita resolución.

Terceira. Natureza administrativa.

Este convenio ten natureza administrativa e considérase incluído no artigo 4.1.º d) da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, polo que queda fóra do ámbito da súa aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios e criterios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que puideren presentarse. Rexeráse polas súas propias cláusulas e, supletoriamente, polas normas xerais do dereito administrativo. O Instituto Enerxético de Galicia posúe a prerrogativa de interpretar o convenio e resolver todas as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento. Os acordos correspondentes porán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executados, sendo impugnables ante a xurisdición contencioso-administrativa.

Cuarta. Prazo de duración.

Este convenio estará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2011.

Quinta. Obrigas da entidade colaboradora.

A entidade colaboradora obrígase ao recollido no artigo 7 das bases reguladoras, así como ao seguinte:

- Asumir a tramitación e xestión ante o Instituto Enerxético de Galicia das axudas dos beneficiarios.
- Comprobar e certificar o cumprimento das condicións ou requisitos establecidos na orde de axudas para que os solicitantes obteñan a condición de beneficiario, así como a idoneidade da documentación que se lles exige para a percepción da subvención.
- Presentar as solicitudes das axudas dos beneficiarios xunto coa documentación xustificativa do desenvolvemento das actuacións no prazo de 90 días desde a data de venda, tal e como se recolle nas bases reguladoras.

- Comunicarlle ao Instituto Enerxético de Galicia calquera variación que se produza nos datos inicialmente achegados para adherirse a este convenio, garantindo a confidencialidade dos datos subministrados polas empresas beneficiarias.
- Cumprir as normas sobre confidencialidade de datos, concretamente a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e as normas que a desenvolvan.
- Reintegrar os fondos no suposto de incumprimento dos requisitos e das obrigas establecidas para a concesión da subvención e, en todo caso, nos supostos regulados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Encontrarse sometida ás actuacións de comprobación e control previstas na letra d) do artigo 12 da dita Lei 9/2007.
- Mostrar nun lugar visible o logotipo da iniciativa e os soportes publicitarios facilitados e informar sobre ela, así como retirar os logos e a publicidade unha vez peche o plan. Así mesmo, poderán incorporar na publicidade propia os logotipos do Plan Renove de Electrodomésticos que se lle facilitarán para tal efecto. Na información comercial e publicitaria dos electrodomésticos debe figurar obrigatoriamente de forma diferenciada o prezo antes e despois da subvención con cargo ao Plan Renove 2011.
- Vender no marco da iniciativa só os equipos que cumpran coas condicións establecidas no artigo 3 destas bases.
- Instalar o electrodoméstico no prazo de 90 días desde a data da venda e retirar o existente, entregándoo a un xestor de residuos autorizado.
- Aplicar os descontos correspondentes á subvención conforme o establecido no artigo 3 destas bases.
- Facilitarlle ao cliente a instalación e posta en marcha do equipamento adquirido. Así mesmo, comprométese a retirar o substituído para a súa posterior reciclaxe segundo o procedemento establecido no Real decreto 208/2005, do 25 de febreiro, sobre aparellos eléctricos e electrónicos e a xestión de seus residuos. Deste xeito, a entidade colaboradora deberá achegar ao Inega certificado de entrega do electrodoméstico retirado a un xestor de residuos autorizado. O equipamento substituído debe chegar íntegro ao centro de xestión de residuos, sen desmontar e sen carecer de ningunha das súas pezas.

Sexta. Compromisos da entidade colaboradora.

Ademais das obrigas e compromisos establecidos no artigo 7 das bases reguladoras do Plan Renove de Electrodomésticos 2011, a entidade _____ declara:

a) Coñecer o contido das bases reguladoras das axudas e deste convenio e que cumpre cos requisitos establecidos nelas.

b) Que ten o domicilio social ou centro de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia.

c) Que posúe a solvencia técnica e económica segundo o establecido no artigo 7 das bases reguladoras.

d) Que consente expresamente a utilización de medios electrónicos na comunicación entre as entidades colaboradoras e o Inega segundo o establecido no artigo 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos. Así como no artigo 24 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

e) Que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de entidade colaboradora recollidas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

f) Que comunicará ao Inega calquera variación que se poida producir nos datos recollidos nos documentos achegados.

g) Que autoriza o órgano xestor para que solicite a información necesaria para coñecer se o solicitante está ao día nas súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Tesouraría da Seguridade Social ou coa Facenda da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. De non dar a autorización para a comprobación do mencionado anteriormente, deberá presentar certificación xustificativa de estar ao día nas súas obrigas cos organismos sinalados anteriormente.

Sétima. Obrigas do Instituto Enerxético de Galicia.

O Instituto Enerxético de Galicia obrígase a pagar á entidade colaboradora a cantidade correspondente por cada proxecto concedido na resolución das axudas con cargo á cantidade máxima destinada para esta convocatoria de axudas de 1.800.000 euros, percibida

a través do Convenio marco de colaboración entre o Inega e o IDAE, para a definición e posta en práctica das actuacións recollidas no Plan de Acción 2008-2012 (PAE4+) da Estratexia de aforro e eficiencia enerxética en España.

Cando estea completa e correcta a documentación referida no artigo 10 das bases reguladoras do Plan, o Inega aboaralle á entidade adherida o importe correspondente na conta bancaria facilitada para tal efecto na súa solicitude.

Oitava. Xustificación dos requisitos dos beneficiarios.

A xustificación polos beneficiarios das condicións establecidas para o outorgamento das subvencións e que realicen operacións de compravenda subvencionadas polo Plan Renove de Electrodomésticos 2011 coa entidade _____ realizarase no momento da venda, e a entidade está obrigada a requiririlles aos beneficiarios a documentación establecida nas bases, así como a comprobar e a gardar a dita documentación mentres estea vixente o Plan Renove de Electrodomésticos 2011.

Novena. Rexistro especial de operacións.

A entidade _____, para facilitar a axeitada xustificación da subvención e a comprobación do cumprimento das condicións establecidas nas bases reguladoras do Plan Renove de Electrodomésticos, levará un rexistro especial das operacións que se realicen dentro do Plan Renove de Electrodomésticos, que estará ao dispor do Inega e demais órganos fiscalizadores da Comunidade Autónoma de Galicia.

Neste rexistro gardarase unha copia da documentación xustificativa das operacións rexistradas no Plan Renove de Electrodomésticos, así como da documentación que lle entreguen os beneficiarios.

Décima. Requisitos da entidade e dos beneficiarios.

Os requisitos que debe cumprir e facer cumprir a entidade colaboradora nas diferentes fases do procedemento de xestión das subvencións son os que se especifican nos artigos 7 e seguintes das bases reguladoras do Plan Renove de Electrodomésticos.

Décimo primeira. Xustificación das subvencións.

Os beneficiarios xustificarán as subvencións, a través da entidade colaboradora, nos prazos e na forma previstos no artigo 10 das bases reguladoras do Plan Renove de Electrodomésticos.

Décimo segunda. *Incumprimento.*

Se no curso das verificacións que realice o Inega se detecta que a entidade colaboradora incumpre algunha das condicións establecidas no Plan Renove de Electrodomésticos, resolverase a adhesión, o que implicará a perda dos beneficios e, de ser o caso, decretarase a obriga de que lle reintegren ao Inega as cantidades obtidas indebidamente cos xuros legais que correspondan, sen prexuízo das accións legais e sancións que correspondan.

Cando se realizasen descontos por parte do establecemento adherido en concepto de axuda obxecto deste plan a titulares dunha solicitude e se comprobase posteriormente por parte do Inega que non se cumpren as condicións establecidas para recibir a dita axuda por parte dos beneficiarios ou, de ser o caso, se comprobase que hai incumprimentos pola entidade colaboradora das bases da convocatoria, a entidade asumirá os ditos descontos e non llos poderá reclamar ao Inega.

Ademais, o incumprimento por parte da entidade colaboradora adherida consistente en aprazar o pagamento da axuda ao cliente final ata despois de que o Inega llo ingrese a el, en lugar de descontalo no momento do pagamento, suporá o incumprimento destas bases coas consecuencias previstas nesta cláusula.

Décimo terceira. *Causas de resolución.*

Son causas de resolución deste convenio entre o Inega e a entidade colaboradora o incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións contidas nas súas cláusulas ou no articulado da resolución de axudas, sen prexuízo da tramitación dos compromisos adquiridos con anterioridade sobre expedientes en curso, así como a falsidade ou inexactitude nos datos e documentos achegados polas entidades colaboradoras.

Décimo cuarta. *Natureza administrativa.*

Este convenio ten natureza administrativa e considérase incluído no artigo 4.1.º d) da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, polo que queda fóra do ámbito da súa aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios e criterios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se puidesen presentar. Rexerese polas súas propias cláusulas e, de forma supletoria, polas normas xerais do dereito administrativo. O Instituto Enerxético de Galicia posúe a prerrogativa de interpretar o convenio e resolver todas as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento. Os acordos correspondentes porán fin á vía ad-

ministrativa e serán inmediatamente executados, sendo impugnables ante a xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo quinta. *Normativa reguladora especial.*

Para todo o non recollido neste convenio, observarase o previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares; na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Regulamento (CE) número 1998/2006, da Comisión, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas *de minimis*; o Regulamento (CE) 875/2007, do 24 de xullo (DOUE 25.7.2007); o Regulamento (CE) 1535/2007, do 20 de decembro (DOUE 21.12.2007), e normativa concordante.

Polo Instituto Enerxético de Galicia, Eliseo Diéguez García, Director do Inega.

Pola entidade colaboradora, o seu representante legal.

A entidade colaboradora deberá enviar ao Inega 2 copias asinadas.

Inega (Plan Renove Electrodomésticos), rúa Avelino Pousa Antelo, n.º 5, 15707 Santiago de Compostela.